



## **Circular informativa ás familias**

### **Asuntos: calendario de fin de curso e entrega de libros de texto ao fondo solidario**

Estimadas familias: informámoslles dalgúns asuntos do seu interese.

- 23 de xuño é o último día de clase.  
  
Ata ese día haberá clase, como de costume, aínda que pode suceder que algúns profesores baixen cos seus alumnos ao patio para facer actividades ao aire libre.
- 27 de xuño entregaranse as notas en horario de 11:00 a 12:00 horas. Non haberá transporte escolar. Tamén poderán este mesmo día 27 reclamar verbalmente as cualificacións aos profesores en horario de 12:00 a 13:00 horas.
- A partir do día 28 os alumnos ou familiares autorizados poderán recoller en conserxería os boletíns que non foron entregados o día anterior. Os días 28, 29 e 30 de xuño atenderanse as reclamacións ás cualificacións por escrito en horario de 11:00 a 13:00 horas.
- Do 26 de xuño ao 10 de xullo abrírase o prazo para que se matriculen os alumnos que aprobaran todo en xuño.
- Cos boletíns de notas recibirán información polo miúdo sobre a matrícula e os exames extraordinarios de setembro.
- Como novidade, este ano os alumnos que suspenderan algunha materia poderán prematricularse no mesmo prazo que os que aproban todo. Isto non lles exime de facelo de forma definitiva en setembro (confirmando a matrícula de xuño ou facendo unha nova), nin tampouco lles libera de preparar as materias suspensas. Pero supón a vantaxe de que as optativas elixidas teñan unha consideración preferente de cara á súa adxudicación con respecto dos que se matriculen en setembro. Polo tanto, a matrícula non é obrigatoria, pero si recomendable.
- **ENTREGA DE LIBROS**

A partir deste venres 16 os alumnos poderán ir entregando en conserxería os libros do fondo solidario e das axudas de libros, así como os que voluntariamente desexen aportar, das materias que teñan seguridade de aprobar en xuño.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E  
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES Eduardo Blanco Amor - Culleredo



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO

Cordeda s/n 15174 Culleredo. A Coruña

Tf.: 981 66 73 91 – Fax.: 981 66 68 94

[ies.blanco.amor.culleredo@edu.xunta.es](mailto:ies.blanco.amor.culleredo@edu.xunta.es)

[centros.edu.xunta.es/iesblancoamor](http://centros.edu.xunta.es/iesblancoamor)



Esta entrega pode ser realizada polas familias no horario do centro (especialmente válido para os que se van de excursión).

O prazo de entrega remata o 26 de xuño ás 13:30 horas. O día 27 os titores recollerán os libros que faltan por devolver no momento da entrega de notas.

**É importante que teñan en conta que a entrega dos libros é condición indispensable para recibilos do fondo solidario e/ou ser beneficiario do cheque de material escolar.**

Culleredo, 15 de xuño de 2016



A directora

Carmen R-Trelles Astruga